

PREMIO ARUME DE POESÍA PARA A INFANCIA

BASES:

A Fundación Xosé Neira Vilas xunto con **GÁLIX** (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) e co patrocinio de **Deleite**, convocan o Premio Arume de Poesía para a Infancia co obxectivo de recoñecer a calidade literaria de textos poéticos creados para nenos e nenas e fomentar a lectura de poesía entre este lectorado.

- Ao premio, poderán concorrer todos aqueles autores e autoras, maiores de idade, de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega. Os textos presentados han de ser inéditos e totalmente orixinais. As obras, cuxa temática será libre e acaída para o público infantil e/ou xuvenil, terán unha extensión mínima de 350 versos, e poderán conformar un só poema o un grupo de poemas.
- Os textos presentaranse en formato A4, fonte Times New Roman, tamaño de letra 12 (ou similar) e interliñado 1,5 liñas.
- Os orixinais poderán facerse chegar a través dunha destas presentacións:
 - a. Formato papel: de cada orixinal presentaranse dúas copias en papel debidamente encadernadas, cosidas, numeradas ou grampadas.
 - b. Formato dixital: de cada orixinal presentarase un CD cun documento en formato PDF.
- Os orixinais deberán presentarse baixo lema, sen ningún tipo de dato que identifique o seu autor/a. A maiores do texto (en calquera dos dous formatos) achegarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, enderezo electrónico e teléfono do autor/a, unha fotocopia do DNI e breve recensión bio-bibliográfica, así como o título da obra.
- Non poderán presentarse os gañadores das tres convocatorias anteriores.
- O premio contará cunha dotación económica de 1.000 € e será publicado por Edicións Embora.
- Os orixinais serán enviados nun sobre pechado, no que se indique, "PREMIO ARUME DE POESÍA PARA A INFANCIA", ao seguinte enderezo:

Fundación Xosé Neira Vilas
Gres, nº 9
36587 Vila de Cruces

- O prazo de admisión de orixinais remata o 17 de maio de 2021, admitíndose os orixinais que foran entregados nas oficinas de Correos ese mesmo día.
- O xurado estará composto polas persoas que representen a presidencia (ou persoa, para o efecto, en quen deleguen) da Fundación Xosé Neira Vilas e GÁLIX e tres especialistas en literatura infantil. Cada ano presidirá o xurado unha das persoas representantes das institucións e o outro ou outra actuará como secretario/a.
- A composición do xurado darase a coñecer en data que se comunicará oportunamente e emitirá o seu ditame o 25 de xullo, día da Patria e tamén día do pasamento de Pura Vázquez, pioneira da poesía infantil galega.
- O premio poderá ser declarado deserto, no caso de que o xurado así o considere, e a decisión deste será inapelable.
- A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación destas bases.